



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a las penalizaciones aplicadas en la jubilación anticipada.**

Debido a la regresiva reforma del sistema de pensiones aprobada en el año 2011, año tras año, la edad legal de jubilación fue retrasada de forma paulatina al mismo tiempo que se incrementa el período de cotización necesario para el acceso a esta. Así, en 2027, cuando la citada reforma esté totalmente implantada, la edad legal de jubilación en el Estado español será de 67 años para quienes hayan cotizado menos de 38 años y 6 meses. Solo para quienes hayan cotizado durante más tiempo, la edad legal se mantendrá en 65 años. Para este año 2026, la edad legal de jubilación, si no se superan los 38 años y 3 meses de cotización, es de 66 años y 10 meses.

Cabe recordar que el BNG se opuso completamente a la reforma de pensiones de 2011, así como a las posteriores, pues siguieron ahondando en los recortes de las pensiones y supuso un claro retroceso en los derechos sociales y en la calidad de vida de las personas.

La jubilación anticipada fue una de las principales prestaciones damnificadas por las sucesivas reformas ya que la normativa penaliza su utilización, con coeficientes reductores, incluso con largas carreras de cotización, al mismo tiempo que se favorece y se incentiva la jubilación demorada.



La jubilación anticipada voluntaria exige que los trabajadores y trabajadoras hayan cumplido una edad que sea inferior en dos años, como máximo, a la edad que resulte de aplicación, mientras que en la forzosa la edad debe ser, como máximo, cuatro años inferior a la edad ordinaria. Sin embargo, cada año se atrasa la edad de acceso atendiendo a la edad legal ordinaria. Además, la pensión será objeto de reducción mediante la aplicación, por cada trimestre o fracción de trimestre que, en el momento del hecho causante, le falte al trabajador para cumplir la edad legal de jubilación de coeficientes reductores. Las penalizaciones por la aplicación de los coeficientes reductores son diferentes en función de los años cotizados.

Así, quien quiera retirarse a los 63 años de edad el coeficiente reductor se eleva hasta valores próximos al 19 %, incluso teniendo cotizados 40 años. Este ajuste se hace a partir de la base reguladora lo que reduce de forma indefinida la cuantía mensual y definitiva de la pensión.

El BNG defendió en su momento ante el Pacto de Toledo que se incorporase una recomendación para establecer la jubilación voluntaria al cumplirse 35 años de cotización a la Seguridad Social, reales o compensados por la aplicación de coeficientes reductores en aquellas profesiones que los tengan asignados, sin penalización. Una medida más necesaria que nunca para no castigar a las largas carreras de cotización al mismo tiempo que se favorece el relevo generacional y la incorporación de la juventud al mercado laboral.

Defendemos que no se deberían aplicar coeficientes reductores a quien tenga una carrera de cotización con más de (40 o 35) años cotizados, tanto en el caso de la jubilación anticipada voluntaria como en el caso de la jubilación anticipada forzosa. No es justo que se apliquen penalizaciones después de toda una vida de cotización.



Recuperar la posibilidad de jubilación anticipada sin penalización en las largas carreras de jubilación es una reclamación unánime de los colectivos y asociaciones de jubiladas y jubilados junto con numerosas organizaciones sindicales y que deberá ser asumida también por el Gobierno del Estado y, en consecuencia, promover una reforma en este sentido.

Por otro lado, es necesario destacar un cambio en el criterio de interpretación de la Disposición Transitoria 34ª de la Lei General de la Seguridad Social por parte del INSS. Así, en el caso de jubilación anticipada voluntaria, para las personas cuya pensión teórica, una vez que se le aplican los coeficientes reductores, supere el importe de la pensión máxima, se les aplicará durante un período transitorio hasta 2033 unos coeficientes reductores sobre el importe de la pensión máxima en función del año de acceso a la jubilación y del periodo de cotización acumulado.

Sin embargo, el portal de la Seguridad Social indica ahora que a partir del 01/01/2026 deja de ser de aplicación a lo dispuesto en el apartado segundo de la Disposición Transitoria 34ª, que afectaba a las jubilaciones anticipadas cuya pensión inicial (base reguladora por porcentaje aplicable por años cotizados) fuese superior a la pensión máxima. Así, el periodo transitorio no continuará progresivamente hasta 2033, sino que terminará en este 2026, haciendo una lectura absolutamente restrictiva del apartado 1 de la disposición.

De esta forma, el INSS estaría incurriendo en un quebrantamiento del principio de confianza legítima por diversos motivos. Hay una indefensión del cotizante que afecta a miles de personas que planificaron a su jubilación teniendo en consideración los datos oficiales que el propio sistema facilitó durante años. Se produce un perjuicio económico grave, con un impacto directo en las solicitudes ya tramitadas para el año 2026, cuyas cuantías resultantes van a ser inferiores a las calculadas por la propia Seguridad Social que, además, está aplicando este nuevo criterio con una preocupante opacidad administrativa ya que el cambio no fue comunicado mediante circular, orden oficial o comunicado.



**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Está en disposición el Gobierno de atender las unánimes reclamaciones por parte de los colectivos y asociaciones de personas jubiladas y de distintas organizaciones sindicales para recuperar la jubilación anticipada sin penalización, por lo menos, para las carreras de larga cotización?
2. ¿No considera falta de justificación las penalizaciones por la aplicación de los coeficientes reductores en la jubilación anticipada que implican una reducción muy importante en la prestación y que obligan a mantener la actividad, incluso en profesiones penosas, con turnos y elevado esfuerzo físico, al mismo tiempo que se perjudica la incorporación de la juventud al mercado laboral?
3. ¿Comparte el Gobierno que sería más justo que no se aplicasen coeficientes reductores a quien tenga una carrera de cotización con más de 35 años cotizados, tanto en el caso de la jubilación anticipada voluntaria como en la forzosa?
4. ¿Por otra parte, a qué se debe el cambio de criterio del INSS en la interpretación de la Disposición Transitoria 34<sup>a</sup> de la Ley General de la Seguridad Social?
5. ¿Está el INSS eliminando la aplicación progresiva de los coeficientes reductores para las pensiones de las bases reguladoras más altas para instaurarlo ya por completo a las jubilaciones del 1 de enero de 2026 en lugar de continuar lo previsto hasta 2033? ¿Si es así, cuál es la explicación para optar por hacer una interpretación tan restrictiva?
6. ¿Tiene en cuenta que el INSS está incurriendo en un quebrantamiento del principio de confianza legítima? ¿Tiene en cuenta que esto afecta a miles de personas que planificaron su jubilación partiendo de los datos oficiales facilitados por el propio sistema? ¿Tiene en cuenta que se produce un daño económico importante dado que las cuantías resultantes van a ser inferiores a las facilitadas por la Seguridad Social? ¿Rectificará esta decisión?

Madrid, a 24 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

24 FEB. 2026 14:50:00

Entrada **102233**

## Sobre ás penalizacións aplicadas na xubilación anticipada

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás penalizacións aplicadas na xubilación anticipada.**

Debido á regresiva reforma do sistema de pensións aprobada no ano 2011, ano tras ano, a idade legal de xubilación foi retrasada de forma paulatina ao tempo que se incrementa o período de cotización necesario para o acceso a esta. Así, en 2027, cando a citada reforma estea totalmente implementada, a idade de xubilación legal no Estado español será de 67 anos para quen teña cotizado menos de 38 anos e 6 meses. So para quen teña cotizado máis tempo a idade legal seguirá a ser aos 65 anos. Para este ano 2026, a idade legal de xubilación, se non se superan os 38 anos e 3 meses cotizados, é de 66 anos e 10 meses.

Cabe lembrar que o BNG opúxose de plano á reforma das pensións de 2011, así como as posteriores, pois seguiron afondando nos recortes das prestacións e un claro retroceso nos dereitos sociais e na calidade de vida das persoas.

A xubilación anticipada foi unha das principais prestacións damnificadas polas sucesivas reforma pois a normativa penaliza a súa utilización, con coeficientes reductores, mesmo con longas carreiras de cotización, ao tempo que se favorece e se incentiva a xubilación demorada.

A xubilación anticipada voluntaria exige que os traballadores e traballadoras teñan cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que resulte de aplicación, mentres que na forzosa a idade debe ser, como máximo, catro anos inferior á idade ordinaria. Porén, cada ano atrásase a idade



de acceso atendendo á idade legal ordinaria. Ademais, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre que, no momento do feito causante, lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación de coeficientes redutores. As penalizacións pola aplicación dos coeficientes redutores son diferentes en función dos anos cotizados.

Así, quen queira retirarse aos 63 anos de idade o coeficiente redutor elévase até valores próximos ao 19%, incluso tendo cotizado 40 anos. Este axuste faise a partir da base reguladora o que reduce de forma indefinida a contía mensual e definitiva da pensión.

O BNG defendeu no seu momento ante o Pacto de Toledo que se incorporase unha recomendación para establecer a xubilación voluntaria ao cumprirse 35 anos de cotización á Seguranza Social, reais ou compensados pola aplicación de coeficientes redutores naquelas profesións que os teñan asignados, sen penalización. Unha medida máis necesaria que nunca para non castigar ás longas carreiras de cotización ao tempo que se favorece o relevo xeracional e a incorporación da mocidade ao mercado laboral.

Defendemos que non se deberían aplicar coeficientes redutores a quen teñan unha carreira de cotización con máis de (40 ou 35) anos cotizados, tanto no caso da xubilación anticipada voluntaria como no caso na xubilación anticipada forzosa. Non é xusto que se apliquen penalizacións despois de toda unha vida de cotización.

Recuperar a posibilidade de xubilación anticipada sen penalización nas longas carreiras de xubilación é unha reclamación unánime dos colectivos e asociacións de xubiladas e xubilados xunto con numerosas organizacións sindicais e que debера ser asumida tamén polo Goberno do Estado e, en consecuencia, promover unha reforma neste sentido.

Por outro lado, é preciso salientar un cambio no criterio de interpretación da Disposición Transitoria 34<sup>a</sup> da Lei Xeral da Seguranza Social por parte do INSS. Así, no caso da xubilación anticipada voluntaria, para as persoas cuxa pensión teórica, unha vez que se lle aplican os coeficientes redutores, supere o importe da pensión máxima, aplicaráselles durante un período transitorio até 2033 uns



coeficientes reductores sobre o importe da pensión máxima en función do ano de acceso á xubilación e do período de cotización acumulado.

Porén o portal da Seguranza Social, indica agora que a partir do 01/01/2026 deixa de ser de aplicación o disposto no apartado segundo da Disposición Transitoria 34<sup>a</sup>, que afectaba ás xubilacións anticipadas cuxa pensión inicial (base reguladora por porcentaxe aplicábel por anos cotizados) fose superior á pensión máxima. Así, o período transitorio non continuará progresivamente até 2033, senón que rematará neste 2026, facendo unha lectura absolutamente restritiva do apartado 1 da disposición.

Deste xeito, o INSS estaría incorrendo nun quebranto do principio de confianza lexítima por diversos motivos. Hai unha indefensión do cotizante que afecta a miles de persoas que planificaron a súa xubilación tomando en consideración os datos oficiais que o propio sistema forneceu durante anos. Prodúcese un prexuízo económico grave, cun impacto directo nas solicitudes xa tramitadas para o 2026, cuxas contías resultantes van ser inferiores ás calculadas pola propia Seguranza Social que, ademais, está a aplicar este novo criterio cunha preocupante opacidade administrativa pois o cambio non foi comunicado mediante circular, orde oficial ou comunicado.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Está en disposición o Goberno de atender as unánimes reclamacións por parte de colectivos e asociacións de persoas xubiladas e de distintas organizacións sindicais para recuperar a xubilación anticipada sen penalización, no mínimo, para as carreiras de larga cotización?
2. Non considera falta de xustificación as penalizacións pola aplicación dos coeficientes reductores na xubilación anticipada que implican unha redución moi importante na prestación e que obrigan a manter a actividade, mesmo en profesións penosas, con quendas e elevado esforzo físico, ao tempo que se prexudica a incorporación da mocidade ao mercado laboral?



3. Comparte o Goberno que sería mais xusto que non se aplicasen coeficientes redutores a quen teña unha carreira de cotización con máis de 35 anos cotizados, tanto no caso da xubilación anticipada voluntaria como na forzosa?
4. Por outra parte, a que se debe o cambio de criterio do INSS na interpretación da Disposición Transitoria 34ª da Lei Xeral da Seguranza Social?
5. Esta o INSS eliminando a aplicación progresiva dos coeficientes redutores para as pensións das bases reguladoras máis altas para instauralo xa por completo ás xubilacións de 1 de xaneiro de 2026 en lugar de continuar o previsto até 2033? De ser así, cal é a explicación para optar por facer unha interpretación tan restritiva?
6. Ten en conta que o INSS esta a incorrer nun quebranto do principio de confianza lexítima? Ten en conta que isto afecta a miles de persoas que planificaron a súa xubilación partindo dos datos oficiais fornecido polo propio sistema? Ten en conta que se produce un dano económico importante dado que as contías resultantes van ser inferiores ás fornecidas pola Seguranza Social? Rectificará esta decisión?

Madrid, a 24 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**